

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
O DÍA 04/09/2023  
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)**

**PRESIDENTE**

ALBERTO VARELA PAZ

**CONCELLEIROS/AS**

Lista de asistentes

D. LINO MOURIÑO SANTIAGO  
DONA PAOLA MARÍA MOCHALES  
D. CARLOS COIRA LOJO  
DONA SONIA OUTÓN CASAL  
D. DIEGO GARCIA SANTIAGO  
DONA LUZ MARIA ABALO PÉREZ

Lista de non asistentes

DONA TANIA GARCÍA SANMARTIN

**SECRETARIA**

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

**INTERVENTORA**

MARIA BERMUDEZ OUTON

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 04/09/2023 reuníronse na Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos/as concelleiros/as indicados/as, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 28-ago-2023, que se aprobou por unanimidade.

## **RÉXIME INTERIOR**

### **PRP2023/2958**

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Alvegal S.L., para a compra dun vehículo Nissan Pick UP Navara matrícula 9243LFX, por un importe total de 17.787,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 1530-62400.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **PRP2023/3129**

Vista a proposta do Servizo Municipal de Protección Civil e Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Peycar Pontevedra, SL para o subministro de vestuario e EPIs para a Brigada de Prevención e extinción de incendios forestais (5 traballadores), por un importe total de 4.316,68€ (IVE incluído), con cargo á partida 135.22104.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **PRP2023/3135**

Vista a proposta do Servizo Municipal de Protección Civil e Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Bull Fuego, S.L. para o subministro de peza para reparación de camión autoescala matrícula 1960KMX, por un importe total de 2.930,62€ (IVE incluído), con cargo á partida 135-214.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na

facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2023/3140**

Dáse conta do convenio de cooperación a subscribir para o presente ano 2023 entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e a Agrupación de Voluntarios de Protección Civil, polo que o Concello se compromete a aboar á Agrupación a cantidade de 65.000 € para facer fronte aos gastos derivados de actividades que se enumeran no citado convenio a realizar durante o ano 2023.

A Xunta de Goberno Local acorda a aprobación do citado convenio así como do gasto e o recoñecemento de obriga polo importe do 50% (32.500 €) con cargo á partida 135.489.

#### **PRP2023/3059**

Visto o escrito presentado por Asociación de Comerciantes Zona Aberta, solicitando autorización para celebración de Festa Infantil “A Volta ao Cole 2023”, o día 8 de setembro de 2022, en horario de 17:00 ás 21:00 horas na Praza de de Galicia.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado, debendo cumprir as seguintes condicións:

- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil para a citada actividade, cunha cobertura mínima de 300.000,00€
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con unha taxa, polo que si corresponde deberá abonala no negociado de Rendas.

#### **PRP2023/3081**

Dáse conta do escrito presentado por Don Enrique Araujo Martínez delegado de persoal e delegado sindical do Sindicato de Traballadores/as da Administración de Xustiza na provincia de Pontevedra, solicitando modificación das prazas reservadas actualmente no exterior do edificio xudicial de Vilagarcía, pasando de 8:00 a 15:00 horas, a reserva durante as 24 horas ao día, incluídos sábados, domingos e festivos.

A Xunta de Goberno Local visto o informe da Policía Local acorda, conceder reserva de espazo de 2 prazas de aparcamento, todos os días do ano as 24 horas.

#### **PRP2023/3143**

Vista a proposta do Servizo Municipal de Protección Civil e Xestión de Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por SepyMedical SLU para a reposición de pantalóns do vestiario dos traballadores do servizo, por un importe total de 6.555,78€ (IVE incluído), con cargo á partida 135-22104.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2023/3147**

Vista a proposta do Servizo de Parques e Xardíns, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Francisco Padin Silva para compra de 2 cortacéspedes Husquarna, por un importe total de 3.058,01€ (IVE incluído), con cargo á partida 171-213.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2023/3148**

Vista a proposta do Servizo de Parques e Xardíns, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Dalonga para compra de vehículo Citroen Jumpy, por un importe total de 18.900,00€ (IVE incluído), con cargo á partida 1530-62400.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2023/3150**

Dáse conta do acordo da Deputación Provincial sobre nomeamento de representantes da Deputación Provincial de Pontevedra no Padroado da Fundación Fexdega, designando a D. Javier Touris Romero. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

**PRP2023/3172**

Dáse conta do escrito presentado por D. José Antonio González Boullosa e/n Revenidas S.C., solicitando autorización para uso e lanzamento de elementos tipo confetis, serpentinas, etc. durante a realización dos espectáculos programados no Festival Revenidas 2023, que se celebrarán entre os días 7 e 10 de setembro.

A Xunta de Goberno Local acorda non acceder ao solicitado xa que o citado Festival lévase a cabo en diferentes zonas verdes e espazos públicos, e o material a utilizar nos lanzamentos (confetis, serpentitas etc..) son materiais non biodegradables moi difíciles de limpiar, e polo tanto perxudiciais para o medioambiente.

**BENESTAR SOCIAL****EMPREGO****PRP2023/3094**

Dáse conta da Conta xustificativa da subvención nominativa concedida a Asoc. Centro Comercial Aberto de Vilagarcía Zona Aberta. CIF: G36256048.

Visto o informe do Departamento de Promoción Económica e o informe de fiscalización do departamento de intervención

A Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de obriga a favor de ASOCIACIÓN CENTRO COMERCIAL ABERTO DE VILAGARCÍA ZONA ABERTA, CIF G36256048, polo concepto “subvención nominativa para gastos das campañas de fomento do comercio local desenvolvidas pola Asociación de comerciantes Zona Aberta durante o ano 2023”, por importe de QUINCE MIL EUROS (15.000,00 €), con cargo á partida 4311.48002.

### **PRP2023/3079**

Dáse conta do erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 26 de xullo de 2023, en relación á duración da prestación do servizo de punto dixital municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda correxir o acordo no seguintes termos:

A prestación do servizo desenvolverase entre o 1 de agosto de 2023 e o 31 de decembro de 2023 a razo de 1.225,25€ máis IVE ao mes, sendo por tanto o custo total do contrato 7.411,25€ con cargo á partida 920-22799.

### **PRP2023/3141**

Dentro do marco da resolución de 14 de marzo de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia non competitiva das subvencións a Concellos para actuacións de embelecemento do litoral galego, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea NEXTGENERATIONEU, polo arquitecto municipal Juan José Rodríguez Cuiña redactouse a MEMORIA VALORADA PARA A REALIZACIÓN DA OBRA DE “INSTALACIÓN DUN SENDEIRO DE PASOS Á CRUZ DE XIABRE”, cun orzamento (IVE engadido) de 41.382,00€.

A Xunta de Goberno Local acorda a aprobación da Memoria valorada redactada polo Arquitecto municipal Juan José Rodríguez Cuiña para a realización da obra denominada “INSTALACIÓN DUN SENDEIRO DE PASOS Á CRUZ DE XIABRE”, cun importe de licitación de (IVE engadido) de 41.382,00€

### **PRP2023/3076**

En sesión de XGL de 12 de decembro de 2022 acordouse a adxudicación do contrato menor do servizo para a realización da CAMPAÑA DE COMUNICACIÓN ON LINE PARA LA PLAZA DE ABASTOS DE VILAGARCÍA, á empresa PROIMAXE MARKETING E PROGRAMACIÓN S.L., CIF B36565893, por contía de 15.064,50 €, IVA incluído.

No certificado do acordo da Xunta de Goberno Local incorporado no expediente, constatouse un erro relativo ao importe da prestación do servizo, constantando erroneamente a cantidade de 16.940,00€ (ive engadido)

Por lo expuesto a Xunta de Goberno Local acorda:

A corrección do erro advertido na (propuesta PRP2022/4462) nos seguintes termos:

Onde di:

Adxudicar o contrato menor de servizo para “Campaña de comunicación Online para as prazas de abastos do Concello de Vilagarcía de Arousa” a Proimaxe Marketing e Programación S.L., de conformidade coa súa oferta, polo importe de 16.940,00 € (IVE incluído) e coa mellora antes indicada, con cargo á partida 4311-6270018.

Debe decir:

Adxudicar o contrato menor de servizo para “Campaña de comunicación Online para as prazas de abastos do Concello de Vilagarcía de Arousa” a PROIMAXE MARKETING E PROGRAMACIÓN S.L., CIF: B-36565893 de conformidade coa súa oferta, polo importe de 15.064,50 € (IVE incluído) e coa mellora antes indicada, con cargo á partida 4311-6270018.

## **XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

## XUVENTUDE

### PRP2023/3151

Dáse conta da proposta da Concellería de Xuventude:

A Concellería de Xuventude solicita á Xunta de Goberno Local, a aprobación da ampliación do orzamento aprobado pola XGL do 12 de xuño de 2023 para a seguinte acción cultural: VILAGARCÍA DE AROUSA, CIDADE DO LIBRO 2023.

Trátase de gastos efectivamente realizados que non foron orzamentados previamente nin adxudicados pola devandita Xunta de Goberno Local e que se corresponden coa modalidade de contratos menores por razón de contía dos definidos no artigo 118 da Lei de Contratos do Sector Publico 9/2017 de 8 de novembro de 2017.

Na Xunta de Goberno Local do 12 de xuño de 2023, aprobouse un orzamento total de 62.212,64 € (ive engadido)

Desta cantidade total, a cantidade total estimativa de 3.500 €, estaba destinada a gastos de decoración, difusión e imprevistos e sen adxudicación. Esta cantidade non foi suficiente para cubrir a contía total de gastos efectivamente realizados, entre os cales se incluíría un gasto en concepto de campaña de publicidade presentado por dona María Purificación González Míguez, por importe de 484 € (ive engadido) e outro, tamén de publicidade do evento, presentado por La Voz de Galicia S.A, por importe de 723,58 € (ive engadido).

Por outra banda existe outro gasto efectivamente realizado e que non foi adxudicado e de materiais para a realización dunha estrutura de madeira de varios metros destinada a cubrir unha parte da Praza II República, adquiridos á empresa Maderas J. Redondo S.L, por importe de 1,908,78 € (Ive engadido) e o alquiler de árboles e plantas por importe de 2.893,99 € (Ive engadido) á empresa Viveros o Piñeiro, empregadas na decoración da Praza II República.

Polo exposto a Xunta de Goberno Local acorda:

Modificación do acordo inicial e, polo tanto, aprobación da ampliación do orzamento aprobado pola XGL do 12 de xuño de 2023 nunha cantidade total de: 6.010,35 €, e con cargo á partida de XUVENTUDE 2314-22699, ao obxecto de convalidación dos gastos dos contratos menores por omisión do procedemento de adxudicación previa, que de seguido se relacionan:

Número factura	Proveedor	Cif	data	Concepto	Importe (ive engadido)	partida
Emit-F203-23	MARÍA PURIFICACIÓN GONZÁLEZ MÍGUEZ	36069623B	22/06/23	CAMPAÑA PUBLICIDADE	484	XUVENTUDE
V 20231576	MADERAS J. REDONDO S.L	B36158897	20/07/23	PINO ROJO, ESCUADRA E PÉ DE MADEIRA	1.908,78	XUVENTUDE
123 000722	LA VOZ DE GALICIA S.A	A15000649	30/06/2023	FACTURA PUBLICIDADE	723,58	XUVENTUDE
ADM23 405	VIVEROS O PIÑEIRO S.L	ESB36213460	30/06/23	ALQUILER DE PLANTAS	2.893,99	XUVENTUDE

## TURISMO E MEDIO AMBIENTE

### MEDIO AMBIENTE

### **PRP2023/3117**

A XGL acordou o 26 de xullo de 2022 a aprobación da solicitude de subvención ao abeiro da Orde do 10 de xuño de 2022 pola que se aproban as bases e a convocatoria para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas na área de influencia socioeconómica do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia con cargo ao Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR), financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, para os anos 2022 e 2023 (código de procedemento MT821A) para o proxecto “mellora de espazos degradados, conservación de hábitats e eliminación de especies invasoras”.

Na XGL de 26 de decembro de 2022 acordábase aceptar a subvención concedida por resolución da directora xeral de Patrimonio Natural por delegación da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda pola que se concedía a este Concello unha subvención por importe total de 99.500 € para o proxecto “mellora de espazos degradados, conservación de hábitats e eliminación de especies invasoras”. Tamén se acordaba aceptar as condicións establecidas na bases da convocatoria e na resolución de concesión.

O artigo 27 da citada Orde de 10 de xuño de 2022 (na súa redacción dada pola Orde do 21 de novembro publicada no DOG 29 de novembro) establece que PARA A ANUALIDADE 2022 “... a data límite de execución e xustificación da dita anualidade será o 15 de decembro de 2022” e para a ANUALIDADE 2023 “..a data límite de execución e xustificación da dita anualidade é o 1 de novembro de 2023. ...”

A XGL de data de 13 de marzo de 2023 acordou contratar a asistencia técnica da empresa OFTEFOR por importe de 16 335 € tanto para a redacción do prego de prescricións técnicas particulares para a contratación da empresa que executaría as actuacións na CMVMC de Guillán, Cea, Pinar do Rei e na Senda da Rosa así como para supervisar a execución do resto dos traballos incluídos no proxecto obxecto da subvención

Tendo en conta que a día de hoxe aínda non se recibiu da empresa contratada ningún documento nin se iniciou actuación ningunha que figurase no proxecto, non se vai poder cumprir o mencionado prazo de execución nin, polo tanto, as condicións establecidas nas bases da convocatoria da subvención e non se poderá xustificar a subvención.

A Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Renunciar á subvención no seu día concedida e deixar sen efecto o acordo da XGL de data 13/03/2023 sobre a contratación da asistencia técnica a Oftefor CB por importe de 16 335 €.
- 2.- Dar traslado ao Departamento de Intervención aos efectos de comunicar a imposibilidade de executar o proxecto.

### **PRP2023/2378**

Coa finalidade de colaborar dunha forma activa na protección dos montes do municipio apoiando a posta en marcha de proxectos forestais que persigan a finalidade de defensa e protección do monte contra os incendios forestais, este Concello convoca para as comunidades de montes veciñais en man común dende hai anos as axudas a proxectos de actuacións preventivas e/ou obra forestal destinadas á prevención e defensa contra os incendios

A Xunta de Goberno Local acorda:

A aprobación das bases reguladoras do programa de axudas por importe de 84.999,99€ a proxectos de actuación preventivas e/ou obra forestal destinadas á prevención e defensa contra

os incendios do Concello de Vilagarcía de Arousa 2023 e aprobación da súa remisión ao BOPPO para que se proceda á súa publicación.

## **TURISMO**

### **PRP2023/3166**

Vista a proposta do Servizo Municipal de Turismo, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Decoplac Arosa, S.L. para o acondicionamento e pintado do exterior do Museo do Ferrocarril (MUFEVI), por un importe total de 11.979,00€ (IVE incluído), con cargo á partida 432-212.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **PRP2023/3167**

Vista a proposta do Servizo Municipal de Turismo, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Germán Lucio Ferro (Parquets GL) para o pulido e barnizado do só da planta superior do Museo do Ferrocarril (MUFEVI), por un importe total de 2.662,00€ (IVE incluído), con cargo á partida 432-212.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE**

### **MULLER E PERSOAS MAIORES**

#### **PRP2023/3152**

Con data 12/06/2023 (PRP2023/2230) “aprobouse a sinatura do Convenio entre a Asociación Rompetimóns de Carril e o Concello de Vilagarcía de Arousa para a realización de 18 travesías marítimas de dúas horas de duración polo contorno do arquipélago de Cortegada. Para axilizar a inscrición destas persoas e co obxectivo de acadar unha maior eficacia e transparencia na adjudicación das prazas propónse a aprobación do orzamento presentado por Fundación Galicia Obra Social no que se presenta a creación dun minisite para esta actividade.”

Este acordo implicaba que a reserva de praza sería por medios telemáticos mediante a utilización de venda anticipada online [ataquilla.com](http://ataquilla.com).

Dende esta Área de Maiores entendemos que ese modo de acceso limita as posibilidades de participación neste tipo de actividade entre o colectivo ao que se dirixe esta Área, polo que, coordinado coa Área correspondente, reserváronse 18 destas prazas destinadas a poder realizar a súa inscrición mediante procedemento máis accesible para dito colectivo.

Vista a proposta da Área de Persoas maiores, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as seguintes bases para que as persoas interesadas poidan realizar unha solicitude de participación de modo presencial na citada Área:

1. O colectivo ao que se dirixe esta actividade debe reunir os requisitos de ter 65 anos cumpridos e estar empadroadado neste Concello na data da actividade.
2. Abrir un prazo presentación de solicitudes de inscrición de forma presencial do 6 ao 8 de

Setembro, en horario de 9:00h a 13:00h, mediante modelo normalizado dispoñible na propia Área de Maiores.

3. As viaxes realizaranse o día 15 de setembro en dúas sesións, una ás 16 h e outra as 18 horas, con saída dende o Peirao de pasaxeiros de Vilagarcía.

4. O número de prazas dispoñibles será de 18, 9 por cada quenda. Ditas prazas serán de balde.

5. Poderá anotarse un máximo dunha persoa por solicitude.

6. No caso de que a demanda superase a oferta, realizarase un sorteo nesta Área entre as solicitudes presentadas a través do xenerador de sorteos "augeweb.com/azar". Dito sorteo público realizarase o martes 12 de setembro ás 10:00 h. da mañá nesta Área.

7. Finalizado o prazo, ou realizado o sorteo, de ser o caso, esta Área poñerase en contacto coas persoas afortunadas para comunicarlle dito resultado, que deberán pasar pola Área para formalizar inscrición telematicamente. Este será requisito imprescindible previo á participación na actividade.

8. Todas as persoas que non resultasen beneficiarias en dito sorteo, entraran a formar parte dunha lista de espera no mesmo orden correspondente ao do resultado do sorteo.

9. Será causa de baixa automática na actividade, a renuncia, a non formalización telemática da solicitude ou ben a perda dalgún dos requisitos esixidos para a su inscrición. Neste caso, recorreríase á lista de espera para a súa substitución.

## **CONTRATACIÓN**

### **PRP2023/3155**

Dáse conta da proposta da Concelleira de Urbanismo para adxudicar o contrato menor de Servizos para as direccións de obra da Instalación Eléctrica, da Instalación de Climatización e da Instalación Fotovoltaica da Obra Reparación de Estrutura, Substitución de Cubertas, Mellora de Envolveinte e acondicionamento interior no Pavillón Deportivo de Fontecarmoa:

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 30 de xaneiro de 2023, aprobou o proxecto técnico denominado "Reparación de estrutura, substitución de cubertas, mellora de envolveinte e acondicionamento interior no pavillón deportivo de Fontecarmoa", redactado polo arquitecto don Iago Fernández Puentes, cun orzamento de execución por contrata (IVE engadido) de 2.129.842,80 €.

Tendo en conta a complexidade das obras a acometer no pavillón de referencia, foi necesario que o proxecto técnico conste dunha separata de instalacións redactadas polo enxeñeiro Jorge Mondelo Vidal (Mondelo, S.L.)

Por providencia de incoación do 3 de maio de 2023, iniciouse o expediente de contratación da obra de referencia mediante procedemento aberto simplificado, tramitación ordinaria e a través da Plataforma de Contratación do Sector Público.

Con data 12 de maio de 2023 se dita Resolución de Alcaldía por medio da cal aprobase o expediente de contratación para a execución da obra denominada "Reparación de estrutura, substitución de cubertas, mellora de envolveinte e acondicionamento interior no pavillón deportivo de Fontecarmoa" mediante procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria a través de Plataforma de Contratación del Sector Público, así como os Pregos de Cláusulas Administrativas



Particulares e de Prescricións Técnicas que rexen o mesmo.

Con data 27 de xuño de 2023 a Xunta de Goberno Local adxudicou o contrato de obras de Reparación de estrutura, substitución de cubertas, mellora de envolvente e acondicionamento interior no pavillón deportivo de Fontecarmoa á mercantil OBRAS GALLAECIA, S.L. (CIF B70018981), por un importe de 2.005.586,25 € (IVE engadido).

O artigo 13 da Lei 38/1999, de 5 de novembro, de Ordenación da Edificación establece:

“1. El director de la ejecución de la obra es el agente que, formando parte de la dirección facultativa, asume la función técnica de dirigir la ejecución material de la obra y de controlar cualitativa y cuantitativamente la construcción y la calidad de lo edificado.

2. Son obligaciones del director de la ejecución de la obra:

a) Estar en posesión de la titulación académica y profesional habilitante y cumplir las condiciones exigibles para el ejercicio de la profesión. En caso de personas jurídicas, designar al técnico director de la ejecución de la obra que tenga la titulación profesional habilitante.

Cuando las obras a realizar tengan por objeto la construcción de edificios para los usos indicados en el grupo a) del apartado 1 del artículo 2, la titulación académica y profesional habilitante será la de arquitecto técnico. Será ésta, asimismo, la titulación habilitante para las obras del grupo b) que fueran dirigidas por arquitectos.

En los demás casos la dirección de la ejecución de la obra puede ser desempeñada, indistintamente, por profesionales con la titulación de arquitecto, arquitecto técnico, ingeniero o ingeniero técnico.

b) Verificar la recepción en obra de los productos de construcción, ordenando la realización de ensayos y pruebas precisas.

c) Dirigir la ejecución material de la obra comprobando los replanteos, los materiales, la correcta ejecución y disposición de los elementos constructivos y de las instalaciones, de acuerdo con el proyecto y con las instrucciones del director de obra.

d) Consignar en el Libro de Órdenes y Asistencias las instrucciones precisas.

e) Suscribir el acta de replanteo o de comienzo de obra y el certificado final de obra, así como elaborar y suscribir las certificaciones parciales y la liquidación final de las unidades de obra ejecutadas.

f) Colaborar con los restantes agentes en la elaboración de la documentación de la obra ejecutada, aportando los resultados del control realizado.”

Vista a complexidade do apartado de instalación, faise necesario que integre a dirección facultativa, un técnico coa especialidade dun enxeñeiro industrial que poida dirixir e supervisar os traballos nesta materia.

O concello de Vilagarcía de Arousa non dispón na súa plantilla dun enxeñeiro que poida desempeñar estas tarefas.

Tendo en conta o persoal dispoñible por esta Administración, as tarefas que está realizando e a dedicación necesaria para realizar as tarefas obxecto do contrato (cun prazo de execución de 7 meses e un orzamento de adxudicación de 2.005.586,25€), as cales requiren unha maior dedicación de medios e especializacións, considérase que non existen suficientes medios persoais e, polo tanto, é necesaria a contratación externa da prestación consistente nas DIRECCIÓNS de OBRA DA INSTALACIÓN ELÉCTRICA, DA iNSTALACIÓN DE CLIMATIZACIÓN E DA iNSTALACIÓN FOTOVOLTAICA DA REFORMA DO PAVILLÓN DE FONTECARMOA.

O artigo 118.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que establece que “Se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate do

contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministros ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministros centralizados no ámbito estatal”.

Solicitada oferta á mercantil Mondelo, S.L (NIF B36030963), este presenta un prezo (IVE excluído) de 4.950,00 €.

O prazo de execución deste contrato será de 7 meses.

A Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar o contrato de servizos denominado “DIRECCIÓN DE OBRA DA INSTALACIÓN ELÉCTRICA, DA INSTALACIÓN DE CLIMATIZACIÓN E DA INSTALACIÓN FOTOVOLTAICA DA OBRA REPARACIÓN DE ESTRUCTURA, SUBSTITUCIÓN DE CUBERTAS, MELLORA DE ENVOLVENTE E ACONDICIONAMENTO INTERIOR NO PAVILLÓN DEPORTIVO DE FONTECARMOA” á mercantil MONDELO, S.L. (NIF B36030963), por importe de 4.950,00 € con cargo á partida 150-640, ao que lle corresponde un IVE (21%) de 1.039,50 €, o que totaliza unha oferta (IVE engadido) de 5.989,50 €, de acordo coa oferta que se achega e con cargo ao orzamento municipal de 2023.

## FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

### PRP2023/3161

Vista a conta xustificativa do pago a xustificar Nº 220230012059 por importe de 8.600,00€ para GASTOS FESTIVAL CLASCLAS 2023 aprobada pola Xunta de Goberno Local de 12/06/2023, presentados pola habilitada LUZ Mª ABALO PÉREZ

Vista a fiscalización da Intervención Municipal a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar a conta xustificativa do pago a xustificar Nº 220230012059 importe de 8.600,00€ para GASTOS FESTIVAL CLASCLAS 2023, co seguinte detalle:

